

**ANEXO II. FORMULARIO PARA A PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH**

<b>PROFESORADO INVOLUCRADO:</b>	
NOME: Lucy Amigo Dobaño	
MAIL: lamigo@uvigo.es	TELÉFONO: 986 813 517
<b>Nº DE ESTUDANTES PARTICIPANTES (Máx.4): 1</b>	

**TÍTULO DO PROXECTO:**

**Estudo da evolución económica da lonxa de Baiona, 2001-2020**

**RESUMO:**

Na lonxa de Baiona desenvólvese unha actividade pesqueira que supón un importante motor económico na economía local. Porén, é pouco coñecido o impacto económico desta actividade en termos relativos, así como o tipo de artes de pesca e as especies que contribúen a esta actividade económica. As fluctuacións naturais dos stocks e os cambios ós que se ve sometido o océano por mor das actividades humanas, especialmente derivadas da acumulación de axentes contaminantes e do quecemento do océano a causa do cambio climático, condicionarán en gran medida o rendemento económico da actividade pesqueira. Hoxe en día dispóñense de longas series temporais de datos dos volumes de capturas de cada especie e dos seus prezos de venda.

**OBXECTIVO:**

Realizar un estudo da evolución da economía da lonxa de Baiona e identificar as variables relacionadas cos cambios que presente ó longo dos últimos 20 anos.

**PLAN DE TRABALLO:**

**Redacción do proxecto.** Nunha primeira fase do programa STEMBach (primeiro trimestre 1º de bacharelato), redactarase o proxecto do traballo de investigación, identificando a problemática obxecto de estudo e as variables necesarias. Realizarase unha procura de información bibliográfica.

**OBTENCIÓN DE DATOS.** (2º e 3º trimestre de 1º de bacharelato). Construírse a matriz de datos e realizarase unha análise descritiva dos mesmos obtendo gráficas e táboas para a súa interpretación.

**Redacción da memoria.** (1º trimestre de 2º de bacharelato). Interpretarase os datos obtidos extraendo as principais conclusións. Redactarase a memoria do proxecto.

**Defensa do proxecto.** (2º trimestre de 2º de bacharelato). Elaborarase unha presentación audiovisual para a defensa do proxecto diante do tribunal avaliador.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:**

- Charla de como elaborar un proxecto de investigación.
- Visita á lonxa de Baiona.
- Entrevista coa Patroa Maior da Confraría de Baiona.
- Seminario de análise de estatísticos descritivos e elaboración de gráficos.
- Seminario de técnicas de redacción dun documento científico.